# Rúbrica ABP (1)

| Rúbrica ABP (1) | Nivel avanzado 😄 10 | Nivel medio 🙂 7.5 | Nivel elemental 😐 5 | Nivel moi mellorable 🙁 3 |
|---|---|---|---|---|
| **Selección e tratamento de contidos a partir de fonte/s textuais e/ou audiovisuais (CCL)** 20% | • Extrae as **ideas principais** da/s fonte/s demostrando a súa comprensión.<br><br>• **Redacta coas súas palabras** un novo texto baseado na información do/s documento/s.<br><br>• **Define** os **conceptos clave** dos documentos. | • Extrae as ideas principais da fonte con algún erro.<br><br>• Redacta coas súas palabras un novo texto baseado na información dos documentos,con algunha incoherencia.<br><br>• Define os conceptos clave con algunha omisión pouco importante. | • Extrae as ideas principais da fonte con moitos erros.<br><br>• Redacta coas súas palabras un novo texto baseado na información do doc. con moitas incoherencias.<br><br>• Apenas define algún concepto clave ou elabora as definicións de xeito incorrecto. | • Non extrae as ideas principais da/s fonte/s.<br><br>• Non redacta coas súas palabras un texto baseado na/s fonte/s (expón información literal) e/ou falla na coherencia.<br><br>• Non define os conceptos clave e/ou amosa moitas incoherencias á hora de definir. |
| **Aplicación de recursos e técnicas de traballo intelectual (CAA)** 20% | • **Planifica e organiza** as actividades e os tempos, demostrando que sabe administrar o esforzo.<br><br>•Toma **notas** axeitadas e/ou xerarquiza ideas nun **esquema** demostrando que sabe transformar a información en **coñecemento propio**.<br><br>• Aplica **estratexias de filtrado e corrección** da información, para mellorar o resultado final. | • Planifica e organiza as actividades e os tempos, con algunha dificultade puntual.<br><br>•Toma notas e/ou xerarquiza ideas nun esquema, con algunha omisión ou erro puntual.<br><br>• Aplica estratexias de filtrado e corrección da información, con algún erro puntual, aínda que a información resulta sempre clara. | • Planifica e organiza as actividades e os tempos con dificultades.<br><br>•Toma notas e/ou xerarquiza ideas, aínda que con omisións ou erros importantes e/ou incluíndo algunha información irrelevante.<br><br>• Apenas aplica estratexias de filtrado e corrección, con erros que fan que a información resulte ás veces confusa ou pouco clara. | • Non planifica e organiza as actvd. e os tempos, entregando as tarefas con retraso.<br><br>•Non toma notas e/ou xerarquiza ideas nun esquema, incluíndo información irrelevante.<br><br>• Non aplica estratexias de filtrado e corrección da información, resultando moitas veces confuso ou poco claro. |
| **Uso de ferramentas dixitais para a creación de contidos (CD)** 20% | • **Selecciona** diversas ferramentas dixitais, **avaliando a súa adecuación ou potencialidade** respecto aos intereses do traballo.<br><br>• Usa con éxito **diversas ferramentas** para a **creación de contidos dixitais** de calidade. | • Selecciona polo menos dúas ferramentas dixitais, avaliando a súa adecuación ou potencialidade respecto aos intereses do traballo.<br><br>• Usa con éxito diversas ferramentas para a creación dalgún contido novo, primando a localización ou selección de ideas. | • Selecciona polo menos dúas ferramentas dixitais, pero non as avalía, primando a súa sinxeleza ou rapidez no uso fronte á súa adecuación ou potencialidade.<br><br>• Usa, de xeito moi sinxelo, algunha ferramenta para a localización ou selección de ideas, mais que para a creación de contidos novos. | • Escolle directamente unha ferramenta, primando a súa sinxeleza ou rapidez no uso.<br><br>• Usa, de xeito moi sinxelo e con bastantes dificultades, algunha ferramenta para amosar ideas, pero non crea contidos novos. |
| **Razoamentos críticos (CCEC)** 15% | • Inclúe **reflexións propias**: análise do contexto histórico, relación cos contidos da materia ou cos saberes doutras áreas, valoracións persoais...<br><br>• O traballo inclúe unha **conclusión final** sobre as manifestacións culturais e/ou sobre a aprendizaxe desenvolvida. | • Inclúe reflexións propias: con algún erro ou omisón.<br><br>• O traballo inclúe unha conclusión final, aínda que pouco desenvolvida. | • Inclúe algunha reflexión propia, sobre algún aspecto moi puntual, ás veces con bastante incoherencias ou erros de comprensión.<br><br>• O traballo inclúe unha conclusión final, aínda que demasiado sinxela, insuficiente ou con algúns erros. | • Non inclúe reflexións propias.<br><br>• O traballo non contén unha conclusión final. |
| **Autonomía, iniciativa e creatividade (CSIEE)** 15% | • Destaca a súa **autonomía** á hora de **resolver os problemas**.<br><br>• Ten **iniciativa** para promover accións.<br><br>• Destaca a súa **orixinalidade** na creación e edición de contidos a través de ferramentas dixitais como medio de expresión persoal ou grupal. | • Propón solucións na meirande parte das veces, aínda que precise axuda puntual do profesxr.<br><br>• Ten iniciativa para promover accións moi puntuais.<br><br>• Destacan algúns aspectos orixinais na creación e edición de contidos. | • Ás veces ten dificultades para resolver os problemas, acode puntualmente ao profesxr.<br><br>• Ten moi pouca iniciativa para promover accións.<br><br>• É pouco orixinal na creación e na edición de contidos, destacando algún aspecto puntual. | • Ten moitas dificultades para resolver os problemas e acode directamente ao profesxr.<br><br>• Non ten iniciativa para promover accións.<br><br>• O traballo carece de orixinalidade na creación e na edición de contidos. |
| **Desempeño cooperativo (CSC)** 10% | • **Participa activamente na xestión do traballo** en grupo e é capaz de chegar a acordos e de **tomar decisións compartidas.**<br><br>• Cumpre coa **parte asignada** do traballo.<br><br>• Ten disposición para **pedir ou dar axuda** aos compañeirxs. | • Participa case sempre na xestión do traballo en grupo e é capaz de chegar a acordos e de tomar decisións compartidas.<br><br>• Cumpre, con algún erro ou omisión sen importancia, coa parte asignada do traballo.<br><br>• Ten disposición para pedir ou dar axuda aos compañeirxs, aínda que algunha vez se inhibe. | • Participa algunha vez na xestión do traballo en grupo e é capaz de chegar a acordos e de tomar decisións.<br><br>• Cumpre, de xeito moi superficial e mínimo, coa parte asignada do traballo.<br><br>• Apenas ten disposición para pedir ou dar axuda aos compañeirxs, xa que case sempre se inhibe. | • Nunca ou case nunca participa na xestión do traballo en grupo pois, ou lle custa chegar a acordos, ou non opina sobre as decisións (actitude pasiva).<br><br>• Non cumpre coa parte asignada ou a entrega fora de prazo.<br><br>• Non pide ou dá axuda, sempre se inhibe. |